

Informe sobre o Índice de Comercio polo Miúdo


Datos correspondentes a setembro de 2025

Data de publicación: 29/10/2025

Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia un crecemento interanual do 5,2 % no mes de setembro de 2025. En España aumentou un 6,2 %.
- Por produtos, as vendas en "Alimentación" aumentan un 4,5 % e en "Resto de produtos" un 6,7 %.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 6,4 % en Galicia en setembro de 2025 con respecto ao mesmo mes de 2024. En España aumenta un 7,3 %.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 0,3 % en Galicia e do 1,3 % en España.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 5,2 % en Galicia e un 6,2 % en España en setembro de 2025 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 5,6 % en Galicia e un 6,5 % en España respecto a setembro de 2024. Desagregando por produtos:

- "Alimentación" incrementa a facturación un 4,5 % en Galicia e un 6,8 % no conxunto de España.
- "Resto de produtos" medra un 6,7 % en Galicia e un 6,8 % no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Setembro de 2025

Galicia

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	105,4	5,2	3,0
Xeral sen estacións de servizo	103,4	5,6	2,3
Alimentación	95,6	4,5	2,3
Resto	114,1	6,7	2,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

España

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	111,0	6,2	4,0
Xeral sen estacións de servizo	110,0	6,5	3,9
Alimentación	106,5	6,8	3,9
Resto	118,4	6,8	4,3

Fonte: INE

No que levamos de ano, as vendas minoristas aumentan un 3 % en Galicia e un 4 % en España. Rexístrase un incremento das vendas en "Alimentación" do 2,3 % en Galicia e do 3,9 % en España. No "Resto de produtos", as vendas incrementáanse un 2,5 % en Galicia e un 4,3 % en España.


2. Índices por comunidades e cidades autónomas

As vendas aumentan en taxa interanual en todas as comunidades e cidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Ceuta (11,8 %), Melilla (8,4 %) e País Vasco (8,3 %).

No que vai de ano, o índice incrementábase en todas as comunidades e cidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Ceuta (6,2 %), País Vasco (5,4 %) e Cantabria (5,1 %).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Setembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE

3. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos correntes

O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 6,4% en Galicia e un 7,3% en España no mes de setembro de 2025 con respecto a setembro de 2024.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 6,7% en Galicia e do 7,8% en España. Desagregando por produtos, en Galicia, as vendas aumentan un 6,3% en "Alimentación" e un 7,1% en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 8,8% nas vendas en "Alimentación" e do 7,1% en "Resto de produtos".

No que vai de ano, o índice medra un 3% en Galicia e un 4,3% en España. En Galicia, as vendas en "Alimentación" increméntanse un 3,4% e en "Resto de produtos" un 2,7%. En España, as vendas medran un 5,8% en "Alimentación" e un 4,4% en "Resto de produtos".

Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Setembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	125,5	6,4	3,0
Xeral sen estacións de servizo	124,6	6,7	3,0
Alimentación	124,4	6,3	3,4
Resto	124,8	7,1	2,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	132,5	7,3	4,3
Xeral sen estacións de servizo	132,8	7,8	5,0
Alimentación	139,2	8,8	5,8
Resto	128,0	7,1	4,4

Fonte: INE

4. Índice de ocupación

No mes de setembro, o índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,3 % en Galicia e do 1,3 % no conxunto de España.

No que vai de ano, a ocupación medra un 0,7 % en Galicia e un 1,5 % en España.

Índices de ocupación. Setembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	104,8	0,3	0,7
Xeral sen estacións de servizo	104,4	0,3	0,5

Fonte: INE

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	108,1	1,3	1,5
Xeral sen estacións de servizo	108,0	1,3	1,6


Fonte: INE

5. Índices de ocupación por comunidades e cidades autónomas

En setembro, a ocupación no comercio minorista aumenta en todas as comunidades e cidades autónomas agás no País Vasco. Os maiores incrementos rexístranse en Cataluña (3,3 %) e Ceuta (3,3 %).

Índice xeral de ocupación. Setembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en todas as comunidades e cidades autónomas. Navarra (2,6 %) e Illas Baleares (2,5 %) rexistran os maiores incrementos. As comunidades onde menos aumenta o persoal ocupado son Extremadura (0,3 %) e País Vasco (0,4 %).

6. Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.